



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Ordenación  
e Producción Forestal

galicia

**INSTRUCCIÓN CONXUNTA DA DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA E DA  
DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E PRODUCCIÓN FORESTAL, POLA QUE SE DITAN OS  
CRITERIOS COMÚNS SOBRE OS USOS PERMITIDOS NOS TERREOS DEDICADOS Á  
ACTIVIDADE AGROPECUARIA (AGRÍCOLA, GANDEIRA E FORESTAL) EN ZONAS DE REDE  
NATURA 2000**

O Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia, considera no seu artigo 25 os **usos permitidos** como calquera actividade compatible cos obxectivos da declaración das ZEC e ZEPA e que pode, polo tanto, desenvolverse sen limitacións especiais, ben na súa totalidade ou ben nas áreas onde a categoría de zonificación así o permita.

Con carácter xeral, consonte co antedicho artigo 25, considéranse usos ou actividades permitidas aqueles de carácter tradicional que son compatibles coa protección do espazo natural porque non causan afección apreciable, e todos aqueles non incluídos nos grupos de actividades prohibidas ou suxeitas a autorización nin recollidos na normativa específica contida no referido Plan director da Rede Natura.

Os usos permitidos non requiren autorización do órgano autonómico competente en materia de conservación da natureza, sen prexuízo do resto de autorizacións sectoriais.

No medio rural de Galicia as actividades relacionadas co sector primario (actividade agrícola, gandeira e forestal) teñen, indubidablemente, un marcado carácter tradicional. A explotación das parcelas de uso agropecuario, cando está baseada nunha utilización racional dos recursos, foi sempre compatible coa conservación dos espazos naturais. Pola contra, o abandono de moitas destas explotacións por falta de viabilidade, cos conseguintes crecemento da vexetación, acumulación de biomasa seca e perda de descontinuidades



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Ordenación  
e Producción Forestal

galicia

protectoras, están a facer aos espazos naturais moito mais vulnerables aos efectos adversos dos incendios forestais e outras catástrofes.

Posto que os **terreos agropecuarios** poden sustentar unha ampla diversidade de hábitats naturais, cada un con diferentes características, en ocasións non resulta sinxelo determinar que actuacións levadas a cabo neste tipo de terreos poden considerarse permitidas no interior das ZEC e ZEPA, por ter un marcado carácter tradicional e ser compatibles coa protección dos espazos naturais.

Por este motivo, e para os efectos de constituir pautas orientativas respecto das atribucións funcionais sobre o exercicio dos traballos por parte dos órganos e unidades inferiores, cómpre ditar unhas liñas interpretativas ou aclaratorias tendentes á unificación de criterios a empregar na aplicación da antedita norma en relación ás actividades que poden ser compatibles coa protección dos espazos naturais,

Esta instrucción que se circumscribe no ámbito das competencias das direccións xerais de Conservación da Natureza e de Ordenación e Producción Forestal, das consellerías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Medio Rural, ditase en virtude das competencias conferidas aos órganos administrativos de dirección polo artigo 21 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Aínda que, de conformidade co previsto no artigo 37.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta instrucción non ten os efectos propios dunha norma xurídica de natureza regulamentaria, considérase necesaria a súa publicación na páxina web das consellerías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Medio Rural, para que todos poidan



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Conservación da Natureza



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Ordenación

e Producción Forestal

galicia

coñecer os criterios que seguirán ambas consellerías nesta materia, en prol dunha maior transparencia na xestión administrativa e da seguridade xurídica.

#### INSTRUCCIÓN:

Primeiro. Para os efectos da aplicación do Decreto 37/2014, e debido ao seu marcado carácter tradicional, **considéranse usos permitidos** as seguintes actividades realizadas nos montes ou terreos forestais situados no interior das ZEC e ZEPA, sempre que se realicen nas condicións especificadas:

**1. Rexeneración de terreos dedicados ao uso agrícola ou gandeiro: araduras, sementeiras.**

Trátase dunha actividade permitida cando se realice en explotacións agrícolas e gandeiras. Tamén será unha actividade permitida cando consista na creación de novos pasteiros ou terreos de labor sobre espazos non conformados por hábitats de interese comunitario (HIC) nin sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación (EIC).

**2. Mantemento de terreos dedicados a uso agrícola ou gandeiro, realizado de acordo coa normativa sectorial: tratamiento de restos, fertilización, rulado.**

Trátase dunha actividade permitida en explotacións agrícolas e gandeiras.

**3. Aproveitamento das producións agrícolas e gandeiras: colleita, sega**

Trátase dunha actividade permitida en explotacións agrícolas e gandeiras.

**4. Aradura de terreos agrícolas ou gandeiros abandonados hai menos de 10 anos, ou despois de que rematase un procedemento de concentración parcelaria (neste segundo caso, con independencia do tempo que levan abandonados).**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Conservación da Natureza



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Ordenación

e Producción Forestal

galicia

Trátase dunha actividade permitida en explotacións agrícolas e gandeiras. Tamén será unha actividade permitida cando consista na creación de novos pasteiros ou terreos de labor sobre espazos non conformados por hábitats de interese comunitario (HIC) nin sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación (EIC).

**5. Tratamentos silvícolas en masas arboradas de eucaliptos e piñeiros cunha fracción de cabida cuberta superior ao 50%: rozas manuais ou mecanizadas, rareos, podas**

Trátase dunha actividade permitida cando consista na realización de labores silvícolas e tamén respecto de todas as accións preventivas que a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, impón aos titulares das infraestruturas e aos propietarios forestais, en todos os terreos forestais ou de influencia forestal.

**6. Mantemento e mellora das infraestruturas preexistentes: pistas, camiños, faixas cortalumes, pasos canadienses, peches gandeiros e cinexéticos, puntos de auga, puntos de vixilancia contra incendios forestais**

Trátase dunha actividade permitida en todos os casos cando consista no mantemento e mellora de peches cinexéticos ou gandeiros. Tamén será unha actividade permitida na realización dos restantes tipos de infraestruturas, incluíndo o mantemento de pistas e camiños (roza das marxes), cando non supoñan modificacións no trazado nin no largo.

**7. Mantemento das redes de faixas de control da biomasa**

Trátase dunha actividade permitida sempre que se cumpran as seguintes condicións, e sen prexuízo do que dispoñan as especificacións técnicas relativas ao mantemento das redes de faixas de xestión de biomasa que estableza a consellería competente en materia forestal:

- No caso de que sexa necesario empregar maquinaria, prestarse especial atención a que non se produza a compactación, erosión ou perda da estrutura do solo. Para tal



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Dirección Xeral de Conservación da Natureza



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Dirección Xeral de Ordenación

e Producción Forestal

galicia

finalidade, poderanse empregar máquinas portátiles ou tractores coa potencia necesaria que permitan acoplar os apeiros mecánicos.

- Non se afectará de forma apreciable aos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación (EIC).

#### **8. Mantemento e mellora de pasteiros preexistentes**

Trátase dunha actividade permitida en explotacións agrícolas, gandeiras e forestais de pastos.

#### **9. Rozas manuais ou mecanizadas nos queirogaos secos (HIC 4030), sempre que non supoñan a destrución do hábitat**

Trátase dunha actividade permitida salvo no caso de actuacións que puidesen alterar o hábitat (destoconados, decapados, arrincado das plantas...), en cuxo caso estas actividades requirirán autorización.

#### **10. Reforestacións**

a) É unha actuación permitida se existe planificación, é dicir, cando estean recollidas nos correspondentes proxectos de ordenación, documentos simples de xestión ou documentos compartidos de xestión.

b) En todo caso estarase ás prohibicións e autorizacións contempladas no artigo 67 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento e ás distancias do art. 68 e anexo II da mesma lei e sen prexuízo do cumprimento doutra normativa sectorial que resulte de aplicación.

#### **11. Realización de aproveitamentos madeireiros e leñosos en parcelas arboradas de eucalipto e/ou piñeiro**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Ordenación  
e Producción Forestal

galicia

Son actuación permitidas polo seu carácter tradicional sempre que exista planificación, é dicir, cando estean recollidos nos correspondentes proxectos de ordenación, documentos simples de xestión ou documentos compartidos de xestión.

**12. Realización doutros aproveitamentos forestais non madeireiros, levados a cabo consonte coa Lei 7/2012 e a súa normativa de desenvolvemento**

O aproveitamento de pastos é unha actividade permitida.

A caza é unha actividade compatible, sometida a autorización e regulación sectorial específica.

Os aproveitamentos micolóxicos (cogomelos) son actividades permitidas.

O aproveitamento de prantas aromáticas e froitos son actividades permitidas agás cando se trate de aproveitamentos con fins comerciais que afecten a especies de interese para a conservación, en cuxo caso requirirán unha autorización.

Segundo. As actividades permitidas segundo o apartado anterior, non obstan as labores que o persoal técnico forestal da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal deban realizar para os efectos de verificar o cumprimento do establecido no Decreto 50/2014, do 10 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes, en canto ás autorizacións, comunicacións e notificacións previas aos aproveitamentos que sexan precisas, así como ao cumprimento da normativa sectorial forestal aplicable a cada caso concreto, especialmente no relativo a cambios de actividade e autorizacións para apertura de caminos.

Terceiro. Respecto das actividades permitidas sinaladas no apartado primeiro, condicionadas á aprobación da correspondente planificación forestal, e en tanto non se aproben os ditos plans, procederá a solicitude do correspondente informe á Dirección Xeral de Conservación da Natureza consonte co artigo 92.4 da Lei de Montes.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Ordenación  
e Producción Forestal


galicia

Cuarto. As actuacións, distintas das contempladas no apartado primeiro, non recollidas nos proxectos de ordenación, documentos simples de xestión ou documentos compartidos de xestión informados favorablemente pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza, quedarán suxeitas ao réxime de autorizacións previsto no Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2016

A directora xeral  
de Conservación da Natureza

Ana María Díaz López



O director xeral  
de Ordenación e Producción Forestal

Tomás Fernández-Couto Juanas

